

Experiencias
Emocionantes
en Danza,
Música
e Teatro!

catálogo

- CABARET
- TEATRO DE RÚA
- MÚSICA
- TEATRO INFANTIL
- NADAL
- SAMAÍN
- ENTROIDO
- MUSICOTERAPIA

23 24



Nelson Quinteiro
PRODUCCIONES

Experiencias emocionantes en danza, música e teatro!

Rúa Beiramar 62 Campelo (Poio) www.nelsonquinteiro.com (+34) 647 647 404



Quen Somos



Nelson Quinteiro Producións
EXPERIENCIAS EMOCIONANTES EN DANZA, MÚSICA E TEATRO
Páxina web: www.nelsonquinteiro.com
Páxina facebook: <https://www.facebook.com/nelsonquinteiroproducciones/>
Teléfono de contacto: 647647404
Enderezo electrónico: nelson.quinteiro@gmail.com
Canle de youtube: <https://www.youtube.com/user/cantareiro>



Somos unha **compañía artística multidisciplinar** especializada na creación de **experiencias temáticas** a través da **danza, a música, o teatro de rúa e a animación**, especialistas en **cabaré e contidos para todo o ciclo festivo do ano**.

Creamos propostas evocadoras, que abordan directamente os imaxinarios colectivos.

Experiencias emocionantes que nos fagan vibrar, participar, e **celebrar a vida e a ledicia de vivir**.

En activo dende 2006, somos responsables da **programación, produción e comunicación** de propostas tan singulares coma o **Festival Galego de Cabaré** (12 edicións dende o 2006 ao 2021), **"Branca"** (Noite Internacional dos Museos da Coruña 2011), **Gharbo!** (Co-produción 2012 do Centro Coreográfico Galego), **Compostela Carpa Cabaret** (2009), **Portamérica Circo Cabaret** (2016), Festival **"O Bosque de Nadal"** en Viveiros O Piñeiro (Pontevedra) 2017, 2018, 2019, 2021 e 2022 **"Pequeno Circo de Nadal"** (Rianxo 2016, 2017, 2018 e Salceda de Caselas 2019, 2020, 2021 e 2022), **"Parranda & Trucks"** (Portonovo 2017 e 2018), **"Pequeno Circo de Entroido en María Pita"** (A Coruña 2017 e 2018), Festival **Cabaré Cabaré** (Pontevedra, 2021), **"Sanxenxo en Branco"** (Sanxenxo 2019, 2020 e 2023), entre moitos outros.

Que facemos

Despois dunha **campaña de Nadal espectacular**, con máis de **40 funcións** en concellos como Pontevedra, Poio, Salceda de Caselas, Muros, Teo, A Cidade da Cultura de Galicia ou Zas, enfilamos un 2023 cheo de propostas interesantísimas, como a **programación de Entroido** que organizamos para o Concello de Zas ou a participación nos Entroidos de Pontevedra, Ames, Barro ou Poio.

De seguido chegou a primavera, e tivemos un proxecto marabilloso da man do Ateneo de Pontevedra, poñendo banda sonora á conmemoración do **49 aniversario da Revolución dos Cravos**, e xuntando a máis de 300 persoas diante do Teatro Principal de Pontevedra con un cravo vermello na man e entonando o **Grándola Vila Morena**. Foi extraordinario!

Maio chegou cargado de cousas bonitas, como a presentación da Proposta **"Latitudes"** na Facultade da **UNED de Pontevedra**, ademais de participar no **Maio Vintage Market de Boiro** ou en **Lugo** co noso sempre aclamado **Pequeno Cabaret Infantil**.

En xuño chegoulle o turno ás Festas Patronais de **San Xoán de Poio**, para as que tivemos o inmenso privilexio de armar unha proposta única, a posta en marcha da primeira **Danza e Contradanza de Poio**, unha danza branca con pintura ao vivo e música tradicional e popular que chegou para quedarse.

Nos meses de verán, as nosas **propostas infantís** pasaron por A Pobra do Caramiñal, Allariz, Mondoñedo, Combarro, e levamos os nosos cabarés a Vilagarcía, coa proposta LGTBI+ **"Vilagarcía Diversa e Orgullosa"** ou a Pontevedra, coa estrea, no **Batalla de Flores 2023** das Festas da Peregrina do noso novo **"Cabaret Acuático"**, unha proposta que promete un verán 2024 cheo de auga, traxes de baño, toallas, sprays e bronceador co aires swing e vintage dos anos 20-30.

E seguimos! fechamos o verán coa proposta **"San Xenxo en Branco"** que abriu as festas patronais de San Xenxo e Santa Rosalía en **Sanxenxo** con cabezudos, música popular e moita ledicia.

¿Que mais? Axiña o noso **Trad Cabaré** chegará a Culleredo, e collemos folgos para o magosto, Samaín e Nadal, con novas propostas e ánimo a tope.

¿Falamos?



O noso elenco

No verán de 2023 a **Compañía Nelson Quinteiro** abriuse ao **novo talento** mediante a convocatoria dun proceso de casting de cara a fornecer de novos actores, actrices e bailaríns/as as propostas temáticas e espectáculos de cabaret, teatro de rúa e animación que soemos ter en carteira, e de cara a abrir un **novo ciclo** na nosa compañía.

Artisticamente, seleccionamos **perfis multi-disciplinares**, persoas con competencias artísticas e musicais e, sobre todo, de movemento, con un marcado carácter dinámico, empático e vocacional.

O **training permanente** é parte da rutina e natureza da compañía e requisito fundamental para formar parte da nosa compañía de danza, música e teatro. Soemos ter dun día fixo á semana de adestramento e ensaio, que se modula e incrementa en función das encomendas e calendario de traballo.

Grazas a esta constancia e permanencia amosamos **gran capacidade e versatilidade** para enfrentar as producións temáticas que non encargan ou que nos contratan, ou para deseñar propostas propias.

Ofrecemos un elenco xoven, motivado, alegre e entusiasmado, con perfis internacionais como os de **Giovanni Peixoto (Brasil)**, **Sibila Pujadas (Argentina)**, **Marina Hurtado (Venezuela)** ou **Ana Pérez (Galicia-México)**, con outros galegos como os bailaríns **André Adrio** e **Lucía Sueiro** ou o músico e artista **Miguel Ángel Glez Solla**. Ademais deste elenco sólido aglutinamos a un nutrido grupo de colaboradores/as entre os que atopamos aos bailaríns **Iván Villar**, **Ricardo Fdez Louro**, **Ariadna Vázquez**, artistas integrais como **Alba Fernández Troiteiro**, **Adela Bértolo** e **Marta Quinteiro Villar** ou músicos como o pianista **Brais González**.ou o gaiteiro **David Lorenza**, entre outros.

Entre todos/as eles formamos a Compañía Nelson Quinteiro, e podemos ofrecer un **catálogo tan emocionante e ilusionante** como o que tés entre mans.

¿Falamos?



CABARET ACUÁTICO
Batalla de Flores 2023 Pontevedra



cabaret

Somos **especialistas en cabaret** a tal nivel que somos **pioneiros na creación de propostas** e eventos relacionados co cabaret contemporáneo dende o ano 2006 e un referente a nivel estatal, tanto de sala como en propostas de rúa ou para celebrar ao aire libre (praza, carpa, espazos non convencionais, etc...)

Así o avala o **Ciclo "Cabaré Cabaré"** do Excmo Concello de Pontevedra 2021, as 12 edicións do **Festival Galego de Cabaré**, o festival **"Compostela Carpa Cabaré"** nas Festas do Apóstolo 2009, así ducias de montaxes de temática como **"As Nenas Perdidas"**, **"Cabarédeambulante"**, **"Flashtop Cabaret"**, **"Master Class Cabaret"**, o novo **"Cabaret Acuático"** ou a edición do libro **"Pequeno Manual das Artes Perversas"**, primeiro tratado teórico sobre cabaret contemporáneo escrito por Nelson Quinteiro.



Nelson Quinteiro
PRODUCCIONES

Experiencias emocionantes en danza, música e teatro!

Rúa Botamar 62 Campelo (Pontevedra) www.nelsonquinteiro.com (+34) 647 647 404

cabaret



Fala-Me: Galician Trad Cabaré

<https://www.nelsonquintero.com/tradcabare>

Unha proposta de **cabaré galego** que convirte o escenario nun salón de baile dos anos 20 onde non falta o **foxtrot**, o **tango**, o **cuplé** e sobre todo a **muñeira**, que como ben di o guión da peza, "vai con todo".

Un espectáculo de empoderamento da **música**, **danza** e **vestiario tradicional galego**, da cultura tradicional, o folk e o folclore a través da **picardía**, do **desacaro** e do teatro e a súa **fusión co cabaret**.

Con **música ao vivo** e danza de **primeirísimo nivel** e un elenco de **vértixes** entre os que atopamos a **algúns dos profesionais da danza** e a **música galega emerxente máis consolidados do panorama actual**. Con **máscaras** e **símbolos ancestrais**, laboratorio de **movimentos**, **língua**, **empoderamento** e mesmo **zarzuela galega** e uns artistas que dan o mellor de **sí enriba do escenario**.

Novecento Cabaret

<https://www.nelsonquintero.com/cabaret>

Un espectáculo de **danza-teatro** e **cabaré con pintura ao vivo** plenamente evocador e pensado para **sala ou prazas** e **escenarios en aberto**.


Unha viaxe polas **emocións**, o **arte** e a **música** que recrea as **vanguardas** e **movimentos políticos de principios do século XX**.

Un espectáculo de escenario que nos traslada a **principios do século XX**, a un período marcado pola **guerra** e a **aparición das primeiras vanguardas**.

Innovador, cunha **estética "vintage"**, e unha **fórmula escénica que crea imaxes evocadoras** e emocionantes **entroncadas co aspecto cinematográfico**.

Creado e artellado como unha **experiencia para todos os públicos**, **convértese nun percorrido polas artes e a beleza**, con un **pequeno toque revolucionario**.

Unha peza inspirada na película "Novecento" de **Bernardo Bertolucci**, coa que **comparte título**.



Cabaret Amor: Burlesque Night Show

A nosa **vindeira montaxe de sala de cara o 2024** **mergullarase de cheo na linguaxe do burlesque** e do **cabaret pensado para público adulto**, nun grande espectáculo de variedades que **reflexionará sobre o "Amor" como concepto** e as diferentes formas de **vivilo**, dende o **amor platónico** ao **sensual**, o **despecho** ou a **obsesión**.

Na **líña dos nosos espectáculos** coa **mítica Compañía Femme Fatale**, a nosa proposta **falará do cabaré como xénero en sí mesmo**, ademais de **traballar na construción dun cabaret de tipo berlinés** e de **tugurio**, con **danza**, **coreografías corais**, **solos**, **acrobacia**, **poesía**, **música ao vivo**, **jazz**, **funk**, **soul** e **moita provocación**. **Lencería**, **cadeiras**, **corsetería**, **chapeus**, **tacóns** e **todo o que o público agarda dun espectáculo de cabaré**.





teatro de rúa

No mundo do teatro de rúa creamos **propostas itinerantes** de alto impacto entroncadas sempre cos **imaxinarios colectivos**, creando **estampas evocadoras** que se fixan na retina dos nosos espectadores/as.

Propostas de **intervención urbana** nas que empregamos o mobiliario e todas as posibilidades da acción callejera, o flashtop, o flashmob, a performace e a **danza e o movemento**.

Cunha **búsqueda estética** sempre estudada e a incorporación da nosa linguaxe escénica co cabaré e as posibilidades da cultura, música e baile tradicional.

Propostas que **festexan a vida e a ledicia de vivir**, pensadas para todos os públicos e sempre cun carácter alegre, desenfadado, naïf e onírico.



Nelson Quinteiro
PRODUCCIONES

Experiencias emocionantes en danza, música e teatro!

Rúa Botón 62 Campelo (Ponte) www.nelsonquintero.com (+34) 647 647 404

teatro de rúa



Cabaret Acuático

Unha proposta de cabaret inspirada nos areais de principios de século XX, a ritmo de **swing e manouche** e con un vestuario e atrezzo que nos leva directamente ós areais de Marsella, Biarritz, San Sebastián, Santander ou A Coruña, regado con elementos tan típicos como as **casetas de baño, vestuario de raías, traxes de baño vintage, toallas, gorros de baño, aspersores, balóns de prais ou chapeus canutier**.

Unha montaxe escénica de rúa con **estética marítima modernista**, construíndo un espectáculo moi visual, alegre, desenfadado para todos os públicos e que nos emocionará facéndonos sentir o son da auga e as sensacións de mollarnos, refrescarnos.

Con un vestuario de última xeración e tecido con **nanotecnoloxía hidrófuga**, unha caracterización moi coidada e un elenco que desfruta e vibra neste espectáculo de variedades con coreografías corais, dúos e números individuais. Ideóneos para **animar paseos marítimos, feiras modernistas, areais, festas da auga ou feiras/festas mariñeiras**.



Flashtop Cabaret

<https://www.nelsonquinteiro.com/cabaret>

Un asalto escénico que converte as rúas en unha auténtica festa con un alegre pasarrúas no que se intercalan flashtops de danza e cabaré ao máis puro estilo berlinés.

Dinamización comercial, street márketing e cabaret de impacto ou de guerrilla. Unha proposta que combina a filosofía do flashtop como método de intervención urbana pero entroncándoo co cabaret: o seu ritmo, a súa cor, a súa frescura, a súa música alegre e divertida, o seu descarro, a súa provocación, a súa forza e a súa presenza escénica.

Para todos os públicos, quedándonos co lado máis desenfadado e circense do xénero, facendo do espectáculo unha proposta que conecta tanto co público máis maior, que revive tempos inalcanzables así como o público infantil, os nenos e nenas, que quedan entusiasmados co colorido, alegre e enérxico da proposta.





música

No mundo da música **xogamos coas latitudes**, botamos man das raíces na procura da orixinalidade partindo dende a orixe. Facemos vibrar creando experiencias insólitas.

A nosa discografía abrangue "**Músicas de Domingo**", música galega con piano ou "**Orquesta Gharbo!**", a nosa primeira e completísima proposta. Traballos innovadores e con postas en escena moi fóra do comun.

Actualmente traballamos en concertos escénicos e propostas que **mesturan o cabaré coa música, danza, actitude e estética tradicional galega**.



Nelson Quinteiro
PRODUCCIONES

Experiencias emocionantes en danza, música e teatro!

Rúa Botóns 62 Campelo (Ponte) www.nelsonquintero.com (+34) 647 647 404

música

25 de abril sempre!

50 aniversario da Revolución dos Cravos

Con motivo do 50 aniversario da “derradeira revolución romántica”, Nelson Quinteiro ofrece unha homenaxe a José Afonso e o seu tema “Grândola Vila Morena” a través dunha selección de temas nos que se axuntan as “vozes ceibes”, os “sons de luta”, a “canción protesta” ou “nova cançó” nun concerto no que se dan a man autores como Víctor Jara, Violeta Parra, Mikel Laboa, Silvio Rodríguez, Bibiano e Benedito, Vitorino e, por suposto, o Zeca Afonso.

Acompañado de músicos e amigos/as, e de persoeiros ligados a este acontecemento, queremos homenaxear un xeito de reivindicar a liberdade a través da palabra, a música e a poesía.



Latitudes

Brais González (piano) e Nelson Quinteiro (voz, percusión e pedais de loop)

Despois de “Músicas de Domingo”, Brais González e Nelson Quinteiro ofrecen un recital man a man no que se recrean entre a fusión de músicas galegas con outras músicas peninsulares, a través do piano e da voz e polifonías que permiten os pedais e loop e a percusión tradicional.

Neste concerto percorremos o latexos das influencias que dende os carros dos arrieiros, os trasatlánticos e os pés dos camiñantes chegaron a Galicia ao longo da intrahistoria, nun concerto que xoga cas latitudes das músicas galegas e as latitudes doutros puntos da península e do globo terráqueo.

Un concerto que festexou o día das letras galegas no Salón de Actos da UNED de Pontevedra, sendo un rotundo éxito que puxo ao respetable en pé e que amosa un xeito de posta de longo para a música galega.



LATITUDES

Concerto das Letras Galegas
Con Brais González (piano)
e Nelson Quinteiro
(voz, pedais de loop)

VENRES 12 DE MAIO
19:30 H Salón de Actos
UNED PONTEVEDRA
Rúa Portugal 1
ENTRADA LIBRE
Ato completará aforo




Aquí e agora

Encontros musicais

Un concerto pensado para espazos pequenos nos que atoparse cara a cara co espectador e percorrer, nun concerto dialogado o xeito no que construír e compoñer temas a través da guitarra, o ukelele, a percusión e o pedal de loops, delay, escenas sonoras e samplers.

En tempos nos que se valora a cultura ao peso e os macro-concertos, Nelson Quinteiro ofrece un encontro íntimo e personal no que a voz, a palabra, a sensibilidade e a personalidade entran en xogo, aramando unha experiencia pracenteira e para dogoír a modiño acompañado dun bo viño, un queixo ou unha larpeirada.

Música galega, portuguesa, músicas do mundo, música de autor, repertorios novos, experimentos musicais, repaso a temas da súa discografía e unha proposta que facemos por pracer, para desfrutar, como algo único e excepcional.





No mundo do teatro e a animación infantil somos expertos na creación de contidos altamente participativos, cunha enerxía e posta en escena contundente, en propostas que funcionan e que sempre aportan unha nota diferencial e grande orixinalidade.

Espectáculos propios como o "Pequeno Cabaret Infantil", con centos de funcións ás súas costas, ou producións completas concebidas como experiencias para os nenos e nenas e as súas familias.

Creamos contidos con valores, que sorprenden a pequenos e maiores, e co valor social de fondo e a experiencia e as táboas de pertencer ao equipo de Doctores Sonrisa da Fundación Theodora levando ilusión semanalmente ós nenos e nenas hospitalizadas.

teatro infantil

Pequeno Cabaret Infantil

<https://www.nelsonquinteiro.com/pequeno-cabaret-infantil>

Un orixinal espectáculo para nenos e nenas de todas as idades que consiste en a instalación dun vistoso teatrillo na túa rúa, praza ou teatro, a modo de unha barraca de feira ou de circo antigo e no que o mestre de cerimonia "Pedrito Mendrugo" e a súa pulga "Jacinta Florette" farán as delicias dos máis pequenos e tamén dos máis crecidos transformando algúns contos populares desde un punto de vista moito máis cómico e actual.

Un espectáculo que saca o máximo partido ao cabaret e aproveita o colorido do xénero, o seu ritmo e carácter desenfadado e a súa alegre música creando unha atmósfera suxerente e moi envolvente e na que abordamos os contos de toda a vida.

Un espectáculo con un ritmo frenético, moita interacción co público, sorpresas, cancións, coreografías e un carácter moi tenro e entrañable, co engado dunha escenografía moi especial con ilustracións da artista Cristina Veira.



Barullo!

<https://www.nelsonquinteiro.com/barullo>

Espectáculo infantil de clown que aborda a cultura e a música tradicional a través dos seus instrumentos.

Un divertido percorrido moi interactivo, divertido e visual por todos os tipos de instrumentos da música tradicional galega non escatimando en materiais: gaitas, pandeiros, pandeiretas, pitos, peitoques, triángulos, kazoos, ukeleles, axóxeres, claves, cunchas... Instrumentos de corda, vento ou percusión.

Instrumentos grandes, pequenos, medianos, moi pequeniños. Instrumentos cadrados, instrumentos redondos, instrumentos rectangulares ou con forma de hexágono. Con formas regulares ou irregulares. Instrumentos de madeira, instrumentos de metal, instrumentos de pel ou instrumentos mixtos.

E todo co apoio dos pedais de loop como ferramenta sobre a que montar ritmos complexos aglutinando un feixe de instrumentos rítmicos e melódicos.

A illa do Con

Concerto-contacontos para sacar o máximo partido da nosa tradición oral nunha proposta infantil e musical con decorado do pintor Leandro Lamas.

Cantaremos un Maio. Festexaremos o Entroido, o San Xoán. Cantaremos cantigas de canteiros, de mariñeiros. Remaremos nunha traíña. Bogaremos nun batel. Tiraremos das pedras, tocaremos o bombo imaxinario...

Vén descubrir aos habitantes da Illa do Con, o lugar imaxinario onde todos os habitantes adócense ás tarefas do mar e a tocar instrumentos musicais!





Tras varios anos poñendo a andar varias das iniciativas de Nadal máis exitosas do panorama galego, en proxectos como "Papá Noel no teu barrio" do Concello da Coruña 2015, "Pequeno Circo de Nadal" de Rianxo 2016, 2017 e 2018 e Salceda de Caselas 2019, 2020, 2021 e 2022 e sobre todo "O Bosque de Nadal" en Viveiros O Piñeiro (Pontevedra) 2017, 2018 e 2019, 2021 e 2022 dispoñemos dunha ampla batería de propostas co aval de termos levado a ilusión a miles de nenos e nenas con ideas únicas e exclusivas para o Nadal.

Somos a compañía en excelencia do Nadal en Galicia, con varias propostas únicas como o noso Apalpador Xigante, os nosos "Apalpadoriños", os nosos "Trasnos de Nadal" ou o noso "Pequeno Circo de Nadal".

nadal

Apalpador e Apalpadora Xigantes

O Apalpador Xigante é un títere articulado de 3 metros de altura que fabricamos no Nadal 2019 en colaboración coa Compañía de Títeres Errantes de Burgos. Ao ano seguinte creamos a "Apalpadora Xigante", muller desta personaxe, do mesmo tamaño e un carácter tenro e entrañable, e de seguido, e grazas ás Subvencións ao impulso do sector escénico galego creamos os "Apalpadoriños", elfos rústicos galegos axudantes deste personaxes.

As posibilidades que ofrecemos con estes bonecos van desde alegres pasarrúas acompañados con gaiteiros e música tradicional a pasarrúas con baile galego da man dos "Apalpadoriños", así como un espectáculo completo que vén a ser o único "musical" sobre a figura do Carboeiro do Courel, con música e danza tradicional, panxoliñas e moita interacción cos máis pequenos. Ideal para visitas escolares, animación de rúa ou representación en salóns de actos, carpas de Nadal ou auditorios.

Os Trasnos de Nadal

Os días de Nadal son datas incansables para os Trasnos e Trasnas de Nadal. Os Trasnos Polvorón, Burbulla, Bombilla, Mazapán, Turrón, Bule Bule ou Pinceis andan armando festa cos seus instrumentos e os seus bailes, e chegan a todos os recunchos de Galicia para anunciar a chegada do Nadal. Pasan polos coles, visitan os bares, as cafeterías e os comercios, súbense ós escenarios e animan a todas e todos coa ilusión e maxia do Nadal. Como viaxan en trineo e van polo aire dan chegado a todos os recunchos do país! ¿Aínda non os viches?

Os Trasnos de Nadal son bailaríns, animadores/as e ofrecen propostas que van dende as visitas escolares a alegres pasarrúas, acompañados da súa "Caixiña dos Trasnos de Nadal" ou levando a súa casiña polas rúas das vilas e cidades.

Pequeno Circo de Nadal

Un completo espectáculo de variedades protagonizado polos elfos/as de Papá Noel que se artella como un magnífico cabaret de Nadal con contos de nadal, panxoliñas, coreografías, números de malabares, acrobacia, circo e artistas convidados.

Unha proposta pensada para escenario, ben en teatro ou auditorio ou en carpa ou praza. Con unha escenografía que recrea un poboado de Nadal, árbores de Nadal, buzóns, etc... pintura ao vivo da man das nosas artistas plásticas e unha banda sonora que se recrea en temas internacionais como o "Joy to the world", "Let's Snow", "The most wonderful time of the year" ou "It's Christmas" con panxoliñas de carácter máis noso.



nadal



Aldea Musical de Nadal

Nova proposta Nadal 2023-2024

Este ano a **Compañía Nelson Quinteiro** anda traballando na creación dunha **nova proposta musical** para o Nadal, mediante a creación dunha **nova escenografía** que recrea unha pequena aldea de Nadal, inspirada nas casiñas de xenibre. Tamén na creación dun novo vestiario de corte norte-europeo e personaxes que fuxen un pouco da imaxinería de trasnos, duendes ou elfos para seren habitantes musicais dunha aldea do Nadal.

A proposta é un **concerto-contacontos coral polifónico con 7 intérpretes** no que contaremos e cantaremos as **principais panxoliñas do mundo**, contando a historia de cada unha das cantigas e a súa chegada a nós a través da historia.

Concebido como unha **sesión musical participativa**, non faltará a interacción, a participación mediante pequenos instrumentos Orff, os xogos participativos e os Contos Musicais.

Unha proposta pensada como instalación ao aire libre nunha praza ou lugar emblemático ou para dinamizar poboados de Nadal xa existentes, carpas, teatros, auditorios ou salóns de actos.



HO HO HO

FESTIVAL™

Ho Ho Ho Festival

Nova proposta Nadal 2023-2024

Un completo festival con temática de Nadal para as datas máis doces do ano.

Unha produción completa cun poboado de Nadal, elfos residentes, obradoiros constantes, factor gastronómico, feira e un escenario para as mellores propostas temáticas e toda a nosa artillería pesada: monicreques xigantes, espectáculos, concertos, contacontos, musicais de nadal, caseta para recibir a Papá Noel...

Deixa todo nas nosas mans para crear unha experiencia global na que todos os teus veciños/as, dende os máis grandes aos máis pequenos participen da maxia do Nadal caracterizándose, participando do espectáculo e festexando destas festas por todo o alto!



samaín

As festas de defuntos e a celebración do Samaín vense consolidando nos últimos anos como uns dos eventos máis multitudinarios e instalados no imaxinario colectivo como unha auténtica festa para os máis pequenos/as que involucra a todas as familias. Festas nas que disfrazarse, nas que maquillarse, nas que axuntar o valor gastronómico, nas que é a auténtica cidadanía a que toma parte da celebración.

Nós fumos dos primeiros en formar parte das "zombiewalk" do Festival FreakMazine da Coruña, ou en armar a "Romería Zombie" en Cangas do Morrazo, un modelo de produción con un grande impacto mediático e que axiña se replicou en moitísimos puntos da xeografía galega. Podes contar connosco para armar unha proposta terrorífica. É tan divertido!



Nelson Quinteiro
PRODUCCIONES

Experiencias emocionantes en danza, música e teatro!

Rúa Botamar 62 Campelo (Ponte) www.nelsonquinteiro.com (+34) 647 647 404



Romería Zombie

A Romería Zombie é un modelo de produción que dinamiza a completo un serán de defuntos. Componse de pregón dende o alén, danzas macabras, flashmob, concurso de disfraces e caracterizacións, cantos de ultratumba para rematar cunha zombiewalk e unha sesión de dilleis.

Foi unha proposta que creamos durante os anos 2015 e 2016 para a asociación de comerciantes e hosteleiros do Casco Vello de Cangas e que axiña se replicou en moitos puntos da xeografía galega.



Zombiewalk

A marcha dos zombies ou zombiewalk é unha proposta de pasarrúas que naceu nos EEUU e que axiña colleu moitísima forza, tendo o seu maior expoñente na cidade de México DF e saltando a practicamente todos os puntos do globo.

No ano 2009 chegou por primeira vez á Coruña da man do Festival de Cine Fantástico Frakmazine, e durante as primeiras edicións tivemos o gusto de encabezalo coa nosa antiga marca, Compañía Femme Fatale.

Agora celébranse marchas zombies en moitísimos puntos da xeografía galega. Nós dinamizámola aportando un nutrido grupo de actores e actrices caracterizados, música itinerante e diferentes propostas para dinamizar unha convocatoria que soe ser un auténtico éxito.



Atelier de maquillaxe FX

Poñemos á túa disposición a varias das mellores maquilladoras profesionais especializadas en maquillaxe de efectos especiais para que os veciños e veciñas poidan lucir as máis terroríficas caracterizacións.

Ben en formato taller, para que os alumnos/as aprendan as técnicas de emprego do látex, o caucho, as pinturas e o pegamento ou ben en formato pintacaras, para caracterizar a un grupo completo ou ter diferentes postos de maquillaxe e pintura na túa celebración.





entroido

O Entroido é, para nós, unha das épocas máis activas do ano ano, encentando propostas que beben da nosa identidade, a nosa música tradicional, o noso imaxinario e que se inspira nas nosas manifestacións máis ancestrais.

Inspirámonos nos debuxos de Castelao, nos ranchos folclóricos de Entroido e as danzas brancas, nos Entoridos do Hío, de Laza, ao son de gaitas, tambores e cantos de taberna.

Armamos desfiles, adaptamos os nosos espectáculos de rúa, creamos propostas para os máis pequenos da casa, enrolamos aos nosos maiores... O noso Entroido ten un selo moi característico e diferente!



Nelson Quinteiro
PRODUCCIONES

Experiencias emocionantes en danza, música e teatro!

Rúa Botimán 62 Campelo (Ponte) www.nelsonquintero.com (+34) 647 647 404

entroido



Desfile e Serán Ancestral de Entroido

Un desfile de inspiración tradicional e popular ao son de gaitas e tambores, música tradicional e cantos populares para o que mobilizamos un autobús cargadiño de artistas.

Caracterizados/as de branco como base, cores vivas nos adornos e complementos, estandartes de entroido, charrascos, ramas de loureiro e mimosa e máscaras de todo tipo, ofrecemos unha proposta moi visual na que non faltan os nosos cabezudos.

Unha experiencia festiva e inspiradora que entronca co imaxinario colectivo do Entroido, pero tamén das festas e romerías.

A proposta arranca con un desfile con máis de 50 participantes ao son de música en directo para chegar a unha praza, carpa ou espazo no que celebramos un colorido serán a ritmo de música tradicional e popular e pezas específicas do Entroido galego.

Pequeno Circo de Entroido

UNHA PRODUCCIÓN COMPLETA

UNHA CARPA DINAMIZADA DURANTE TODAS AS FESTAS DE ENTROIDO CON PASARRÚAS, ACTUACIÓNS, OBRADOIROS, PINTURA AO VIVO E ESPECTÁCULOS.

Somos artífices deste proxecto que se realizou durante os anos 2018 e 2019 na Praza de María Pita, no Entroido da Coruña.

A nosa mellor proposta pasa por encomendar a produción do "Pequeno Circo de Entroido", unha carpa decorada con pintura ao vivo e dinamizada durante todo o Entroido con obradoiros, propostas de animación, pasarrúas e actuacións, espectáculos infantís e espectáculos para todos os públicos.

O "Pequeno Circo de Entroido" bota man dun equipo residente de actores, actrices, bailaríns, clowns e animadores para crear propostas de corrido, durante todo o día, ao mesmo que convidamos a bandas, comparsas, artistas ou espectáculos axeitados para vivir o mellor Entroido que poidas imaxinar.

Nas súas edicións na Coruña foi un auténtico éxito.

Non te tés que preocupar por nada.

Nós encargámonos de todo! ¿Falamos?



mais cantos

Mais Cantos é unha proposta de dinamización cultural, envellecemento activo e musicoterapia social creada por Nelson Quinteiro a partir do ano 2017 e que ten grupos de traballo permanentes en Marín e Lourido (Poio). Dende a súa orixe máis dun cento de persoas teñen pasado por esta actividade que se artella en sesións de musicoterapia grupal e ensaio vocal tomando como base a música tradicional e popular, os cantos de taberna e as serenatas. Unha ferramenta de empoderamento das persoas maiores, convivencia, encontro, envellecemento activo, tecido sociocomunitario e aumento da calidade de vida de moitas persoas que atopan nesta iniciativa en punto de encontro, de motivación, de festa, de celebración e de "ikigai" nas suas vidas.

mais cantos

Experiencia Mais Cantos

Un modelo de festa participativa na que se realiza unha sesión de musicoterapia social en plena rúa. A Experiencia Mais Cantos acampa nunha praza ou espazo emblemático onde se realiza unha sesión de música, canto e movemento dinamizada por Nelson Quinteiro coa participación de máis de 50 persoas caracterizadas de branco, con arranxos florais, paraugas e instrumentos musicais. Concebida como unha clase de canto participativa en plena rúa, realizamos un quencemento físico, un quencemento vocal e multitude de xogos escénicos para rematar con un concerto participativo no que as cantigas de sempre, repartidas entre o público consiguen ser interpretadas por todos e todas. Ao remate ou ao inicio da sesión soemos facer un pequeno desfile ou pasarrúas ao son da nosa propia charanga facendo pequenas paradas en espazos emblemáticos para cantar pezas populares por todas/os coñecidas!

Serán de Mais Cantos

Unha festa participativa ligada sempre co aspecto gastronómico a celebrar nunha carpa ou espazo diáfano e no que contamos coa nosa charanga e músicos/as invitados/as, ademais de contar con algunhas das nosas agrapacións máis achegadas, como o grupo de gaiteiros "Río de Anxo" de Rianxo, o grupo de cantadeiras "Bulideiras" de Fontecarmoa (Vilagaría), a charanga tradicional "Desbrosadores" de Coiro (Cangas do Morrazo) ou o grupo de pandereteiras "Fentos e Frouma" de Marín.

O resultado é unha festa multitudinaria, unha experiencia de vibración e de convivencia do máis festiva e fraternal.

Mais Cantos de abril

O pasado 25 de abril de 2023 tivemos unha encomenda marabilosa por parte do Ateneo de Pontevedra que se conviriu nun grande acontecemento que ocupou as portadas dos xornais.

Tratouse dunha convocatoria aberta para entonar o "Grándola Vila Morena" que axuntou a centos de persoas e que tiveron a Nelson Quinteiro e a Mais Cantos como mestres de cerimoniais.

Para a ocasión preparamos outros temas alentejanos como o "Oh Rama" ou temas tradicionais portugueses como as "Milho Verde". Ao mesmo tempo Quinteiro ofreceu algún tema como "O Mora Madura", "Menina estás á janela" ou "Ronda das Mafarricas".

Vestidos/a de verde e vermello e portando un caravel na man, creamos unha linda estampa na que seguiremos traballando de cara ao 50 aniversario da Revolución dos Cravos, o vindeiro 25 de abril de 2024.





A musicoterapia é o emprego profesional da música e dos seus elementos (ritmo, melodía, forma, armonía) como unha forma de incidir nos ambientes médicos, sociocomunitarios, educativos, familiares como un xeito de conseguir melloras nos aspectos físicos, psicolóxicos, emocionais, de comportamento ou espirituais e como medio de acadar maior benestar.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recoñece a importancia das terapias artísticas e da musicoterapia como medio de humanización dos ambientes sociais e sanitarios, e a disciplina artéllase como un conxunto de métodos, estraxias, técnicas e consignas estandarizadas e reguladas según os contextos sociais e políticos das rexións onde se realicen. (WFMT, 2011).

Dende o ano 2017 Nelson Quinteiro especialízase nas intervencións artísticas no ámbito hospitalario empregando a música como principal recurso, ademais e poñer a andar as súas propias iniciativas de musicoterapia social e con persoas maiores en Residencias Públicas e entidades de traballo con persoas con Alzheimer. No ano 2023 comeza a impartir aulas como docente na Área de Extensión Académica da UNED, Pontevedra, e cursa o Master Oficial en Musicoterapia da UNIR (Universidad Internacional de La Rioja).

musicoterapia



Musicoterapia para os nosos maiores

Despois de varios anos traballando con actividades musicais en residencias de maiores de carácter público como a Residencia de Miores de Campolongo (Pontevedra) ou a Residencia de Miores de Marín, así como para a Asociación de Familiares de Persoas diagnosticadas con Alzheimer (AFAPO) en Pontevedra e Marín, a nosa metodoloxía busca obxectivos xerais como a mellora do benestar das persoas maiores, e desenvolvemento cognitivo e psicomotriz.

As sesións de musicoterapia grupal con persoas maiores e persoas con Alzheimer estimulan a mobilidade, a atención, a memoria a curto e longo prazo, a interacción e vencellos socioemocionais, a autoestima e a mellora da conciencia autobiográfica dos nosos usuarios.

Todo encetado nun concerto participativo e dinámico no que empregamos todo tipo de instrumentos e ritmos, e unha ampla batería de instrumental Orff para a participación dos nosos maiores nas sesións.

Musicoterapia grupal educativa

A través de técnicas como o conto musical, a improvisación creativa ou o emprego de adaptacións do método Nordoff Robbins ou o modelo Mateos-Hernandez para secuenciar actividades musicais, armamos unha sesión na que se abordan obxectivos como a cooperación, a atención, a memorización, a discriminación auditiva, a simbolización ou a iniciación á linguaxe musical.

A musicoterapia como disciplina ten amosado interesantes aplicacións con nenos/as con discapacidades ou outros trastornos como o TDAH ou o TEA.

As nosas sesións grupais, integrando a diferentes colaboradores, e realizadas tanto no ámbito escolar ou infantil, así como en guarderías soen ter moitísimos resultados positivos.

Ponencias divulgativas sobre musicoterapia

Dúas das características básicas do terapeuta como profesional, según Mateos Hernández (2011) é ser un axente de saúde mental na sociedade e un divulgador da Musicoterapia como disciplina.

Deste xeito, ademais de ofrecer regularmente cursos formativos na Área de Extensión Académica da Universidade Nacional de Educación a Distancia UNED, Campus de Pontevedra, ofrecemos charlas, ponencias, debates ou presentacións divulgativas sobre a musicoterapia como disciplina, dende a propia experiencia nos ámbitos hospitalario, social, asistencial ou educativo.

outros aspectos

Autonomía técnica

Os nosos espectáculos e iniciativas están pensados para ser autónomos a nivel técnico, aportando o noso propio equipo de son de 4.000 w (Dúas pantallas HK POLAR 10, de grandísima calidade) e monitores para escena, axeitado para calquer tipo de interior e para rúas e prazas con aforos e formatos medios.

No caso de espazos non convencionais ou espectáculos itinerantes tamén dispoñemos de xenerador de CA 220 v!

Para formatos maiores ou escénicos, temos grandes socios e aliados para aportar a mellor das coberturas técnicas.

Dispoñemos de máquina de fume, chan de linóleo vermello, microfonía e demais necesidades.

Os orzamentos contemplan estas necesidades.

Circuitos escénicos

Poderás atoparnos no programa PONTEGAL da Excmá Deputación Provincial de Pontevedra, Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas e Rede Camiños de Cultura da Xunta de Galicia-AGADIC, así como nos circuitos LER CONTA MOITO e programa APEGO da Xunta de Galicia, e na REDE CULTURAL da Excmá Deputación Provincial da Coruña. Tamén no Plan Musico-Cultural do Excmo Concello de Poio.

Comunicación e difusión

Tomámonos moi en serio a comunicación e difusión das nosas propostas, tendo unha metodoloxía, mailing e canles de difusión efectivos e directos. Contar connosco sempre é garantía de difusión e comunicación das propostas!



CHEGA O NADAL

1.º Premio: 1.º premio de 1000 euros. 2.º premio de 500 euros. 3.º premio de 250 euros. 4.º premio de 100 euros. 5.º premio de 50 euros. 6.º premio de 25 euros. 7.º premio de 10 euros. 8.º premio de 5 euros. 9.º premio de 2 euros. 10.º premio de 1 euro.

PREMIOS CÍRCULO DE NAVAL EN SALVEDA DE CASILLAS
 1.º premio: 1000 euros. 2.º premio: 500 euros. 3.º premio: 250 euros. 4.º premio: 100 euros. 5.º premio: 50 euros. 6.º premio: 25 euros. 7.º premio: 10 euros. 8.º premio: 5 euros. 9.º premio: 2 euros. 10.º premio: 1 euro.

VISTAS ESCOLARES DO TORNADO DE NAVAL
 1.º premio: 1000 euros. 2.º premio: 500 euros. 3.º premio: 250 euros. 4.º premio: 100 euros. 5.º premio: 50 euros. 6.º premio: 25 euros. 7.º premio: 10 euros. 8.º premio: 5 euros. 9.º premio: 2 euros. 10.º premio: 1 euro.

Nelson Quinteiro PRODUCCIONES

MÓLTAS GRAZAS UN ANO MÁIS POR CONFÍAR EN NÓS!
 WWW.NELSONQUITEIRO.COM



O bosque de Nadal

Festival de Nadal e Nadal en Nadal
 2022


Estas noites, Nadal e Nadal en Nadal.



PONTESÁN

Boa nutrición contra a obesidade

ERA DA SAÚDE E O BENESTAR DE PONTEVEDRA 2023



LATITUDES

Concerto das Letras Galegas
 Con Bruna González (voz) e a colaboración de Nelson Quinteiro (con. teclado de mellé)

VENRES 12 DE MAIO
 19-30 H Salas de Actos
 UNED PONTEVEDRA
 Rúa Portugal 1
 ENTRADA LIBRE
 (con. comprar o libro)

UNED PONTEVEDRA

